

Lugar Aula de Cultura Xulio Cuns

Entrada Gratuíta ata completar a capacidade

Cada nena ou neno debe de vir acompañado dunha persoa adulta como máximo debido á limitación da capacidade da sala.

O acceso será por orde de chegada ata completar a capacidade.

Non se permite a reserva de asento.



decembro/2022



.....> **Coser e contar**
compañía Marta Ortiz

sáb.
10
18:00 h

Con fío, agulla e dedal enfiame un conto xa!

Comezamos a viaxe nun taller de costura, un lugar máxico aos ollos da nena protagonista que escoita contos, coplas, cancións en boca da súa avoa, nai e tía mentres traballan.

Contos tan antigos como o oficio da costura. Puntada a puntada percorreremos mundos onde os fíos falan, as caixas de costura abren as portas da fantasía e os bastidores de bordar son ventás onde asomarse a historias prohibidas.

Neste espectáculo atoparemos narración oral, música, teatro de obxectos e pezas enlazadas polas coplas do Cancioneiro da Agulla. Unha homenaxe ás mulleres de mans sabias que foron as primeiras narradoras e transmisoras de coñecemento.

O Cantar das costureiras é cantar que nunca acaba. Como teñen fío dabondo botan coplas enfiadas.

idade **+4**
45 min.



.....> **Labirinto de ilusións**

compañía Mago Román

sáb.
11
18:00 h

Neste labirinto, a maxia está acompañada de disparatadas e cómicas historias nas que participa permanentemente o público.

Así, poderemos ver por primeira vez a Rufo, un mapache amaestrado capaz de lanzar lume pola boca e localizar a carta dun espectador.

Celebraremos un xuízo popular para descubrir ó asasino de Lord Byron, mostraremos a precisión dun detector de mentiras de última xeración e viaxaremos no tempo.

Tamén estará presente a fascinante maxia de preto, que o público poderá seguir a través dunha proxección en directo.

O noso protagonista estará acompañado pola música e por dez axudantes, os seus dez dedos, que son como dez duendes máxicos que nos contarán historias imposibles de aparicións, transformacións e levitacións...

idade **+5**
50 min.



Organiza



**Concello de
Betanzos**





No concello de Betanzos cremos que o Nadal é tempo de regalar, divertirse, imaxinar... por iso, e porque nos gusta reciclar e reutilizar, aquí tes este teatriño moi, pero que moi, betanceiro.

Instrucións:

1. Recorta pola liña de puntos o interior do teatriño e este lateral do folleto.
2. Ata un cordón entre dúas cadeiras (pero antes pídelles permiso aos teus pais) e colga o folleto/teatriño con dúas pinzas da roupa.
3. Recorta os personaxes pola liña de puntos.
4. Pega un paliño pola parte de atrás do personaxe cun fiso. Serviráche de mango.
5. Comeza a función.

MAIÑO PÉNEZO BOO



A RAÑA DA FESTA



O LEÓN DO PASATEMPO



O DEMO DA DANZA



O CAN DE SAN ROQUE



Organiza



Concello de Betanzos



Lembra que podes recortar e reutilizar este cartel e convertelo nun xogo. Ti inventas a historia. Reutilizar é outra forma de coidar o medio ambiente.



Podes sacarlle unha foto ao folleto e enviar un WhatsApp, un email... para que os teus amigos se divirtan nestas tardes de teatro.